

Brandomil e Brandoñas, na Ruta Xacobeá

Reportaxe | Iniciativa veciñal a prol do Camiño



LA VOZ | CARBALLO 02/01/2007 06:00 H

O propio nome da nova entidade xa explica o que busca: Comisión de veciños da Ruta Xacobeá de Brandomil e Brandoñas, en Zas. Pouco máis que dicir, aínda que moito que facer ata que a Xunta recoñeza oficialmente esta prolongación e variación do Camiño de Santiago. Niso están os veciños. Algúns deles, e máis o portavoz do grupo AVExZas, Pedro Osende -promotor da iniciativa, que foi apoiada en pleno por todos os grupos políticos de Zas- recorreron onte o que quere ser destino de moitos camiñantes, ciclistas ou xinetes, e iso que xa o é de algúns que coñecen algo da historia da esquecida vía. Porque á historia apela, precisamente, esta comisión. Xa elaboraron a planimetría detallada da ruta que atravesa as dúas parroquias: entra, desde Mazaricos, pola Calabanda, vai cara Brandomil, segue por Currás, Pedrouzos e o límite co Orbellido, xa en Baíñas-Vimianzo, e dende aí seguirá cara Muxía ou Fisterra. Algo máis de seis quilómetros. Deste documento explicativo fixeron copias e estanas repartindo. Mesmo na parrillada Calabanda de Brandomil está colgado do tablón de anuncios para que os veciños colaboren: «Esta ruta marcouse baseándose no saber das persoas máis maiores e en documentos escritos, como o aparecido en Brandoñas sobre o ano 1800, onde reflicta o seu paso polo lugar de Currais. A concentración parcelaria e o embalse cortan o camiño orixinal, que pasaría dende Padreiro a Brandoñas, polo que houbo que desvialo pola estrada. Se vostede ten algunha suxestión, coñecemento ou aportación pode informar dela», pódese ler. No percorrido de onte puido apreciarse a diversidade de lugares do Camiño: desde masas arboradas, ata a beira do encoro de Fervenza, as rúas de Brandoñas e Brandomil, herbais e agras de labor. Unha sinalización é precisa, pero antes reclaman que se lle dea validez oficial. O estado dos camiños é bo. Mágoa que determinadas actuacións pasadas obriguen a ter que coller tramos da estrada nova. O PSOE de Vimianzo anunciou semanas atrás que está de acordo coa iniciativa, aproveitando o itinerario por Baíñas e o seu antigo mosteiro. O presidente da asociación de empresarios Comarca de Soneira, Manuel Mourelle, tamén comprometeu o respaldo da entidade a esta iniciativa.